Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 810 451
Fax: 981 811 550

ANUNCIO: NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PADRÓN PARA A PROVISIÓN DE TRES (3) POSTOS DE TRABALLO DE XEFE DE EQUIPO DO GRUPO LOCAL DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS E AO MEDIO AMBIENTE NOS TÉRMINOS MUNICIPAIS DE PADRÓN, ROIS E DODRO, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, EXPTE. 20/2012-SPLT.

De acordo ao establecido na base 15.1 das que rexen este procedemento, faise público que por Resolución do Alcalde 841/2012, do 26 de decembro, adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro. Avocar a competencia para o nomeamento das persoas seleccionadas para proveer os 3 postos de traballo de xefe de equipo do grupo local de atención ás emerxencias e ao medio ambiente.

Segundo. Nomear persoal laboral temporal do Concello de Padrón ás seguintes persoas ao ter obtido as 3 maiores puntuacións no procedemento de selección convocado por Resolución 774/2012, do 26 de novembro, para a provisión de 3 postos de traballo de xefe de equipo do grupo local de atención ás emerxencias e ao medio ambiente nos términos municipais de Padrón, Rois e Dodro, expte. número 20/2012-SPLT:

1. **José Manuel Dios Bouzas.**
2. **Javier González Romarís.**
3. **Domingo Sánchez-Guisande Rubianes.**

Terceiro. Establecer, na orde na que se relacionan, a seguinte lista de reserva para os supostos de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que todos ou algún dos aspirantes aprobados non cheguen a tomar posesión, tal e como prevé a base 13.3, e a bolsa de emprego prevista na base 14:

NUM. ORDE	APELIDOS E NOME
1	MUÑIZ TOUCEDA, PABLO
2	PIÑEIRO DE CASTRO, JAVIER
3	PENABAD CALVO, JORGE
4	ALDREY BAO, JULIO ALBERTO
5	TAIBO CASTRO, MARIO
6	SAAVEDRA REIRIZ, RAMON MANUEL
7	IGLESIAS SIMEAO, RUBÉN

Cuarto. Formalizar con cada unha das persoas seleccionadas o correspondente contrato laboral a xornada completa, coa categoría de oficial e na modalidade de obra ou servizo determinado cuxo obxecto será a prestación de servizos, como máximo ata o 30 de decembro do 2012, como membro do grupo local de atención ás emerxencias e ao medio ambiente nos Concellos de Padrón, Rois e Dodro, financiado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Deputación Provincial da Coruña segundo o convenio asinado o 26 de outubro do 2012, previa presentación por parte das mesmas da seguinte documentación no prazo máximo de 2 días hábiles contados desde a última publicación:

a) Copia compulsada ou orixinal dunha certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo de xefe de equipo do grupo local de atención ás emerxencias e ao medio ambiente. Esta certificación non poderá ter unha antigüidade superior aos tres meses anteriores ao día de presentación da mesma nas oficinas municipais.

b) Copia compulsada da Tarxeta da Seguridade Social no suposto de ter sido dado de alta con

anterioridade.

Quinto. Facer público o presente nomeamento mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo.

Sexto. A presente resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestivamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sétimo. Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención-Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 26 de decembro do 2012

O alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira